



Na Cerna do Son



**Presentamos unha fusión das artes: danza, música e poesía/narración.
Elas mistúranse grazas ao nexo conector da tradición galega.**

Cerna en galego é a parte máis interior da madeira e tamén se usa para falar do corazón de algo.

Realizaremos unha viaxe ao corazón da música tradicional galega nun proxecto diferente grazas ao piano, voz e caixón que fusionaremos coa danza contemporánea e a declamación dos poemas e da historia das raíces musicais galegas.

Esta viaxe farase noutra perspectiva, con arranxos musicais que regalan un concepto

moito máis moderno da música tradicional. Neles hai elementos musicais que veñen do jazz, delatin, funky, da balada, recuperando cantos de traballo, alalás, xotas, cancións tradicionais que non teñen autor, cancións que tratan sobre a emigración e poemas galegos musicados por nós, os poemas tamén serán recitados.

Lembraremos cancións tan famosas como o "Alalá das Mariñas" ou "Negra Sombra".

ARTISTAS



Cristian Leggiero Director musical, arranxista e piano

Licenciado en Piano Clásico, Improvisación e Arranxo para Jazz Big Band en Italia. Colaborou con artistas nacionais e internacionais como Bertín Osborne, Juan Valderrama, Deborah J. Carter entre outros.

Colaborou en varias obras de teatro dirixindo a sección musical xunto a Javier Veiga, Marta Hazas, Touriñan, entre outros. Dirixiu musicalmente o programa de TVG "Malo Será".

Actualmente colabora como director musical no programa de TV Canaria "En Otra clave" e dirixe e é arranxista de "Gallaecia Big Band, A Big Band de Galicia", entre outros proxectos musicais.



Paty Lesta Cantante

Cantante dende fai máis de 25 anos. Formada en Canto Lírico, Jazz e Música Moderna. Foi compositora, xunto a Cristian Leggiero da banda sonora da obra teatral Pinocchio que xirou no ano 2021 na que tamén participou como actriz e cantante.

Actualmente é cantante de varias formacións nas que abarca diferentes estilos musicais dende o Swing, Dixieland ó Soul pasando pola música tradicional galega. É cantante de "Gallaecia Big Band, A Big Band de Galicia" e ademais é actriz en varios proxectos como a obra de teatro, Cabaré Climático coa que está actualmente xirando por Galicia na que ademais de actriz, é cantante.



Moisés Fernández Caixón

Músico con raíces xitanas e integrante de varias formacións flamencas acompañando cantos e bailes. Neste proxecto fusionará as súas raíces xitanas coa música galega dando lugar a un son moi diferente ó que estamos acostumados a escoitar.



Ricardo Fernández Bailarín

Inicia a súa formación como bailarín ós 5 anos en actividades de baile tradicional que complementa co baile deportivo. A súa traxectoria profesional da comezo da man de Nova Galega de Danza, onde comeza a súa formación en danza contemporánea. O seu traballo coa compañía nos espectáculos Ser e Terra, Tradición, Son, e Credo, danlle a oportunidade de ser candidato ós Premios Max en 2023 como intérprete masculino. Actualmente é parte do elenco no último traballo de Nova Galega de Danza, Berro.



Luis Iglesia Recitador

Actor, director e profesor de doblaxe dende 1.987. En 1990, inicia a súa traxectoria como actor de teatro, participando en 22 espectáculos tocando todo tipo de xéneros. Personaxes protagónicos en diversas series de gran popularidade en Galicia (Matalobos, Terra de Miranda, Lobos e Cordeiros...).

Voz habitual en galego de actores como Robert de Niro, Robert Redford, Paul Newman, entre outros. Narrador en varios concertos coa Real Filharmonía de Galicia: "A balada do cárcere de Reading" de Oscar Wilde musicada por Jonathan Rathbone.

REPERTORIO

ALALÁ DAS MARIÑAS
 NEGRA SOMBRA
 RAPAZA SE VAS ARARE
 CAMARIÑAS

BAILADOR
 OS TEUS OLLOS
 QUEN PUIDERA NAMORALA
 RIANXEIRA

ADIOS RÍOS, ADIOS FONTES
 LELA
 HIMNO GALEGO
 VOLVER

VIDEOS

+ INFO